

# REDE MUSEÍSTICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO

## PROGRAMA DE ACTIVIDADES ESCOLARES

CURSO 2014-2015



Comeza o curso escolar 2014-2015 e, outro ano máis, a Rede Museística presenta un actualizado programa educativo, deseñado e pensado para todas as etapas educativas coa pretensión de seguir ofrecéndolle á comunidade escolar experiencias didácticas co fin último de coñecer, comprender, valorar e gozar das coleccións e espazos que conforman parte do patrimonio histórico artístico e cultural da provincia de Lugo.

Dende a Rede Museística, en sintonía coas novas formulacións da museoloxía social, seguimos apostando por un modelo didáctico que pon en valor a aprendizaxe activa, participativa e emocional; creando en cada visita unha experiencia vivencial, agradable e memorable. A proposta educativa persegue formar o alumnado en estratexias de aprendizaxe autónomas, capaces de construír o seu propio pensamento crítico, non só sensible á arte senón cara ao noso pasado para poder intervir no presente e soñar un futuro.

Actividades deseñadas e elaboradas polo equipo dos departamentos de didáctica do Museo Provincial de Lugo (Lucía Dequidt Lagares, Raquel Guerrero Prieto, M<sup>a</sup> Anunciación Losada Montenegro, José Manuel Mendoza Castiñeira e Paula Salinas Somoza), do Museo Fortaleza San Paio de Narla (Francisca Abuín e Ana Ferro), do Museo Provincial do Mar (Ángeles Miguélez e Amelia Pernas), e do Museo Pazo de Tor (Tar López e Silvia Fiallega Lorenzo).

A área de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo, a través da Rede Museística Provincial e dos museos que a integran, desexa contribuír con este programa a que o curso escolar 2014-2015 sexa de proveito e, sobre todo, a que os museos sexan vehículo motivador para o coñecemento.

## PROGRAMA

A oferta de actividades dirixida aos centros educativos presenta 4 grandes bloques temáticos que van ser o eixe estrutural da nosa intervención didáctica.

Os bloques son complementarios uns cos outros e perseguen construír un corpus estrutural:

### **Bloque 1: CREA O TEU MUSEO**

Que é un museo? Un museo é un lugar onde se conserva, expón e difunde o patrimonio artístico e cultural. Pero un museo é tamén un espazo que lle pertence a toda a comunidade, un espazo para soñar e facer das ilusións a nosa realidade. Como che gustaría que fosen os nosos museos? Que che gustaría que contivesen os nosos museos?

Dende a Rede Museística abrimos as nosas portas e invitámoste a que entres e crees o teu museo a partir do diálogo coas nosas coleccións e cos profesionais que nel traballan, nunha experiencia emocional e creativa.

A través das obras de arte podemos descubrir lugares reais e espazos imaxinados polos artistas. Podemos viaxar ao noso pasado a través das pezas arqueolóxicas e incluso descubrir as historias máis extraordinarias dos deuses gregos. No museo podemos dialogar cos artistas, descubrir os seus soños e anhelos. No museo podemos comunicar ideas.

Para isto, invitámoste a que coñezas as nosas coleccións e a importancia do traballo que realizan os diferentes profesionais.

#### **Obradoiro**

A actividade inclúe un obradoiro deseñado para traballar de maneira creativa a construción do seu propio museo a partir dun material que lle será entregado a cada escolar composto por: unha caixa-museo, fotografías, imaxes deseñadas, etc.

**Ciclos/cursos:** 3º, 4º, 5º e 6º de E. Primario. 1º ciclo da ESO

**Duración estimada da actividade:** 60 minutos

Esta actividade pódese realizar nos catro museos da Rede.

### **Bloque 2: O MUSEO COMO RELATOR DE HISTORIAS**

Catálogo de visitas abertas segundo os diferentes contidos que ofrecen as coleccións e seccións dos museos da Rede Museística.

Esta proposta didáctica, que xa foi iniciada en anos anteriores, quere ampliar a súa oferta e implicar a todas as seccións do museo susceptibles de ser visitadas, entendendo o museo como relator de historias. Nesta proposta aberta, pretendemos utilizar unha metodoloxía activa de forma que sexan os propios escolares os que constrúan o significado ante as pezas e obras de arte. Son experiencias nas que se pretende ensinar a ver e gozar da arte e coa arte a través dun discurso narrativo que se crea coas obras de arte. Con este diálogo, preténdese potenciar a observación e a reflexión sobre as pezas e estimular o diálogo sen medo a formar unha opinión crítica e persoal. Un diálogo que se combina con información sobre o artista ou o período histórico, necesario, para completar a visión da obra e contextualizala.

As coleccións presentes nos museos son susceptibles de estruturarse en contidos segundo os intereses dos visitantes e pódense exemplificar nas seguintes experiencias: rutas literarias, a arte do vestido, a historia da moeda, descubriendo a escultura, epigrafía romana, ruta franciscana, cerámica de Sargadelos e ... un longo etcétera. Con esta nova formulación, preténdese facilitar a asimilación da información co fin de comprender e achegarse mellor ás coleccións que atesouran os catro museos da Rede. Os contidos



temáticos son tamén un xeito atractivo para o alumnado de presentar a información e acadar a motivación e a súa atención dende o primeiro momento da visita.

**Ciclos/cursos:** 3º, 4º, 5º e 6º de E. Primario.

**Duración estimada da actividade:** 60 minutos

Esta actividade pódese realizar nos catro museos da Rede.

### **Bloque 3: O MUSEO COMO RETROVISOR HISTÓRICO**

Esta proposta nace coa finalidade de capacitar o alumnado para interpretar vestixios do pasado e analizar a súa importancia no desenvolvemento da nosa cultura.

**Ciclos/cursos:** 4º, 5º, 6º de E. Primario. ESO

**Duración estimada da actividade:** 60 minutos

Esta actividade pódese realizar nos catro museos da Rede.

### **Bloque 4: VIAXES POLOS MUSEOS DA REDE**

#### **SAFARI NA REDE**

**Metodoloxía:** Percorrido buscando animais representados en distintas obras expostas no Museo. Logo da busca, podemos xogar a agrupar os animais localizados segundo sexan de pelo ou de pluma, de terra ou de aire, mamíferos, etc. Remataremos a actividade completando un álbum cos cromos correspondentes aos animais avistados durante o safari.

**Ciclos/cursos:** Educación Infantil, 1º, 2º, 3º de E. Primario.

**Duración estimada da actividade:** 60 minutos.

Esta actividade pódese realizar nos catro museos da Rede.

#### **VIAXE POR UN CADRO**

**Metodoloxía:** Metémonos dentro dun cadro e sen ver o que ven os que miran de fronte temos que descubrir de que obra somos personaxes. Descubriremos figuras, formas e símbolos dalgúns obras pictóricas expostas no museo.

**Ciclos/cursos:** 5º, 6º de Educación primaria e 1º de ESO

**Duración estimada da actividade:** De 70 a 80 minutos.

Esta actividade pódese realizar nos catro museos da Rede.

#### **A ESCOLA DE DOLORIÑAS**

**Metodoloxía:** Contamos un conto (os obxectos da vella escola son os personaxes), logo reproducímola nun quebracabezas xigante diante da coñecida obra “A Escola de Doloriñas” da pintora lucense Xulia Minguillón.

**Ciclos/cursos:** Educación infantil e 1º e 2º educación primaria

**Recursos materiais:** Quebracabezas xigante e obxectos reais como: a lousa (“pizarra”) e a barriña de lousa (“pizarrín”), o tinteiro e as zocas.

**Recursos didácticos:** Caderno do profesor e caderno do alumnado

**Espazo:** Sala de Xulia Minguillón

**Duración estimada da actividade:** Duración aproximada da actividade, entre 50 a 60 minutos

Esta actividade pódese realizar no Museo Provincial de Lugo.

#### **VIAXE POLO LUGO ROMANO**

**Metodoloxía:** Desde a historia do Imperio ata a do Lugo Romano. Viaxe que nos axuda a entender de onde vimos a través dos fondos do museo.

**Nivel educativo:** 4º, 5º e 6º de E. Primario.

**Duración estimada da actividade:** 70 minutos.

Esta actividade pódese realizar no MPLugo.

### **RUTAS LITERARIAS**

**Metodoloxía:** Hai 4 rutas. Cada unha das rutas está baseada nun relato do libro Contos de medo no Museo. Conta cunha “folla de ruta” que os alumnos/as deben completar no museo. O profesorado interesado debe poñerse en contacto co Departamento de Didáctica para coñecer máis detalles da actividade e para concertar a visita.

**Ciclos/cursos:** De 1º a 4º de ESO e BAC

**Duración estimada da actividade:** De 70 a 80 minutos.

Esta actividade pódese realizar no MPLugo.

### **VIAXE NO TEMPO NO PAZO DE TOR A TRAVÉS DOS PERGAMEOS**

**Metodoloxía:** Partindo dos fabulosos e diversos fondos de pergameos que atesoura o Pazo de Tor (Museo, arquivo e biblioteca) faremos unha viaxe no tempo tendo como fío condutor o pergameo. Pasando pola escritura, debuxo e outros fins diversos. Trataremos de viaxar a ese pasado repasando, como aprendices artesáns, os diferentes procesos técnicos na produción do pergameo e na súa escritura e o gravado.

**Ciclos/cursos:** E. Primario e ESO.

**Duración estimada da actividade:** de 60 a 90 minutos.

Esta actividade pódese realizar no Museo Pazo de Tor (Monforte).

### **SENTIDO E SENSIBILIDADE, A VIAXE DOS SENTIDOS POLO PAZO DE TOR**

**Metodoloxía:** Mergullarémonos no pasado pescudando entre as pezas e as estancias do pazo, tratando de captar os misterios e sensacións que envolven o noso museo. Xogo de probas no que os sentidos xogan un papel esencial para o coñecemento do museo desde dentro. O museo constituirá o noso panel de xogo, cada estancia será unha casaña a percorrer na nosa viaxe, iremos facendo paradas para desenvolver as diferentes probas do xogo: de memoria, de sons, de mímica, de coñecementos, de idiomas ...

**Ciclos/cursos:** E. Primario e ESO.

**Duración estimada da actividade:** de 70 a 90 minutos.

Esta actividade pódese realizar no Museo Pazo de Tor (Monforte).

### **VIAXE AO LOMBO DUNHA BALEA**

**Metodoloxía:** A cabalo dunha balea faremos unha viaxe polos seus hábitos de vida (alimentación, reprodución, hábitat,...) e os usos que ao longo da historia o home fixo dela.

**Ciclos/cursos:** 3º, 4º, 5º e 6º de E. Primario.

**Duración estimada da actividade:** 60 minutos.

Esta actividade pódese realizar no Museo Provincial do Mar (San Cibrao, Cervo).

### **VIAXANDO COS FACEDORES DE BARCOS**

**Metodoloxía:** Partindo dunha fraga na que buscaremos as madeiras máis axeitadas faremos unha viaxe co carpinteiro de ribeira construíndo todas as pezas que conformarán a nosa embarcación.

**Ciclos/cursos:** 3º, 4º, 5º e 6º de E. Primario.

**Duración estimada da actividade:** 60 minutos.

Esta actividade pódese realizar no Museo Provincial do Mar (San Cibrao, Cervo).

### **UNHA VIAXE AO PORVIR DO PASADO**

**Metodoloxía:** San Paio de Narla é un museo axente para viaxar á vida dos nosos devanceiros. Museos que con esa viaxe son activos de educación das nosas xeracións.

**Ciclos/cursos:** E. Infantil e 1º ciclo de E. Primario.

**Duración estimada da actividade:** 60 minutos.

Esta actividade pódese realizar no Museo Fortaleza San Paio de Narla (Friol).

### **VIAXE POLO CASTELO ENCANTADO**

**Metodoloxía:** Empregando como fío condutor o conto da Bela Durminte, e aproveitando como recursos as coleccións do museo no castelo faise unha viaxe onde se converte nun escenario e a imaxinación cobra vida ata materializarse como algo real.

**Ciclos/cursos:** 3º e 4º de ESO, 1º e 2º de BAC.

**Duración estimada da actividade:** 60 minutos.

Esta actividade pódese realizar no Museo Fortaleza San Paio de Narla (Friol).

### **LAREIRAS DA REDE**

**Metodoloxía:** Compararemos as novas e as vellas cociñas, para descubrir os cambios producidos ao longo do tempo. Xogaremos co obxectivo de que as novas xeracións non esquezan as vellas lareiras.

**Ciclos/cursos:** Educación Infantil.

**Duración estimada da actividade:** 60 minutos.

Esta actividade pódese realizar no Museo Fortaleza San Paio de Narla (Friol).

### **CONCERTACION DE VISITAS**

Coa finalidade de responder ás necesidades do novo programa escolar 2014/2015 faise necesario ofrecer un servizo de concertación de visitas máis personalizado onde poder manter unha conversa sobre o tipo de visita que se quere concertar tendo en conta as características do grupo e o bloque temático da programación.

Faise imprescindible que sexa o mesmo profesorado quen veña visitar o museo co grupo de alumnado o que contacte directamente. Para isto, poñemos á disposición o persoal de Didáctica dos catro museos da Rede Museística, co que se pode contactar a través dos teléfonos ou tamén pódense deixar os datos de contacto no e-mail dos museos. Neste último caso será o persoal dos departamentos quen se poña en contacto nas horas de preferencia que se indiquen.

No transcurso de ditas actividades poderanse realizar vídeos e fotografías que logo se poderán exhibir nas canles dixitais das que dispón a Rede Museística, para o que o profesorado terá que traer o permiso de protección de imaxe de cada nena e neno asinado pola nai, pai ou titor legal.

**MUSEO PROVINCIAL DE LUGO**  
Departamento de Didáctica, Vixilancia e Guías  
(34) 982 242 300 ext. 31  
didactica@museolugo.org

**MUSEO PROVINCIAL DO MAR**  
Departamento de Didáctica (34) 982 594 572  
museodomar@museolugo.org

**MUSEO-FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA**

Departamento de Didáctica (34) 982 375 156  
sanpaiodenarla@museolugo.org

**MUSEO PAZO DE TOR**  
Departamento de Didáctica (34) 982 165 534  
pazodetor@museolugo.org

Blog de Didáctica da Rede Museística  
Provincial: [didacticaredemuseistica.org](http://didacticaredemuseistica.org)



REDE MUSEÍSTICA  
PROVINCIAL DE LUGO



DEPUTACIÓN DE LUGO  
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo